

## CONVOCATORIA DE CINCO CONTRATOS MÁSTER NA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA DE FÍSICA

A Agrupación Estratéxica de Física Fundamental e Aplicacións na Tecnoloxía e a Saúde (AEFIS) oferta cinco contratos a tempo parcial para o desenvolvemento de tarefas de iniciación á investigación en liñas de traballo contidas dentro dos seus obxectivos estratéxicos. A oferta límitase a alumnos matriculados no Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela e con directores do traballo de fin de máster dentro da Agrupación Estratéxica (ver anexo I).

### DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS

O programa de actuación da Agrupación Estratéxica AEFIS contido na memoria inicial do proxecto concedido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución do 26 de outubro de 2015 *pola que se conceden as axudas da Orde do 26 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015* (DOG nº 211 de 2015/11/5), inclúe como dous dos seus obxectivos fundamentais:

- O fortalecemento científico, política de persoal e internacionalización (Obxectivo II)
- O training e mentoring de estudantes de doutoramento e postdocs (Obxectivo IV)

Como complemento a outras medidas de captación e internacionalización, o Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela constitúe unha ferramenta fundamental na consecución destes obxectivos, facilitando o paso á actividade investigadora dos estudantes formados na nosa Universidade.

### CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

- Número de contratos: un máximo de 5
- Traballo a realizar: O traballo a realizar polos contratados centrarase no desenvolvemento de tarefas de iniciación á investigación, en liñas de traballo de interese para a Agrupación Estratéxica de Física. As funcións específicas de cada un dos contratos serán as asociadas á liña de investigación correspondente e poderán incluír medicións experimentais, cálculo analítico ou numérico en Física de partículas, nuclear, fotónica ou materiais; o deseño ou posta en funcionamento de dispositivos e instrumentación experimental; a participación na posta en marcha e funcionamento de infraestructuras científicas.
- Retribución bruta mensual: 500 €
- Duración do contrato: máximo de 6 meses, coa posibilidade de dous meses adicionais (ver sección “posibilidade de dous meses adicionais de contrato”) para os estudantes que se matriculen na etapa de doutoramento
- Data de inicio prevista: Outubro 2016
- Xornada laboral: Tempo parcial (15 h/semana) compatibles co desenvolvemento do programa formativo dentro do Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela

### REQUISITOS DOS CANDIDATOS

a) Xerais:

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos nesta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### b) Específicos:

- A oferta limitase a alumnos matriculados no Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela e con directores do traballo de fin de máster dentro da Agrupación Estratéxica (ver anexo I).
- Titulación requirida: Licenciatura ou grao en Física, Matemáticas, Química, Bioloxía ou equivalentes.
- No momento da formalización do contrato: Estar matriculado nos estudos de Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela no curso 2016/2017.
- Ter presentado, antes do momento da formalización dos contratos, un compromiso de realización do traballo de fin de máster baixo a dirección dun membro da Agrupación Estratéxica AEFIS, asinado polo estudante e polo director.

## SOLICITUDES

Quen desexe participar neste convocatoria deberá solicitálo ao Director Científico da Agrupación Estratéxica AEFIS mediante instancia antes do fin do primeiro prazo de matriculación no Máster Universitario en Física pola Universidade de Santiago de Compostela.

As instancias deberán incluír claramente teléfono e dirección de contacto dos solicitantes, para comunicar posibles incidencias na tramitación e/ou avaliación da solicitude.

As solicitudes, dirixidas ao Director Científico da AEFIS, serán presentadas na secretaría da Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela.

## DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes acompañarán necesariamente a súa solicitude da seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego.

## ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Steering Committee da Agrupación Estratéxica AEFIS publicará a listaxe de admitidos e excluídos.

Na resolución de selección de candidatos será establecida unha lista de agarda para o caso de que algún dos seleccionados non cumpra (dentro dos prazos establecidos na propia resolución) os requisitos necesarios para a formalización dos contratos (ver sección "requisitos dos candidatos").

### **PROCESO DE SELECCIÓN**

Encargarase da selección dos candidatos o Steering Committee da Agrupación Estratéxica AEFIS.

A selección dos candidatos realizarase tendo en conta como criterio único o expediente académico dos candidatos

### **POSIBILIDADE DE DOUS MESES ADICIONAIS DE CONTRATO**

Os alumnos que disfruten dos contratos establecidos na presente convocatoria poderán solicitar (mediante instancia dirixida ao Director Científico da Agrupación Estratéxica AEFIS) que o Steering Committee acorde dous meses de contrato adicionais, comprometéndose á súa matriculación na etapa de doutoramento.

En Santiago de Compostela, 20 maio 2016

O DIRECTOR CIENTÍFICO

O DIR. CIENTÍFICO ADXUNTO

Asdo.: Carlos A. Salgado López

Asdo.: Manuel Vázquez Ramallo

**ANEXO I**

Listado de profesores pertencentes á Agrupación Estratéxica AEFIS (orden alfabético)

Acosta	Plaza	Eva María
Adam		Christoph
Álvarez	Muñiz	Jaime
Álvarez	Pol	Héctor
Armesto	Pérez	Néstor
Bao	Varela	María del Carmen
Bendaña	Jácome	Ricardo
Benlliure	Anaya	José
Caamaño	Fresco	Manuel
Cabanelas	Eiras	Pablo
Carballeira	Romero	Carlos
Cortina	Gil	María Dolores
de la Fuente	Carballo	Raúl
Durán	Escribano	Ignacio
Edelstein	Glaubach	José Daniel
Fernández	Dominguez	Beatriz
Fernández	Pérez	Josefa
Flores	Arias	María Teresa
Gallas	Torreira	Abraham Antonio
Gallego	del Hoyo	Luis Javier
García	Sánchez	Manuel
González	Alemaný	Manuel María
González	Ferreiro	Elena
Hernando	Morata	José Ángel
Liñares	Beiras	Jesús
López	Agüera	María Ángeles
López	Lago	María Elena
Martínez	Santos	Diego
Mas	Sole	Javier
Maza	Frechín	Jesús
Merino	Gayoso	Carlos Miguel
Michinel	Alvarez	Humberto
Miramontes	Antas	José Luis
Moreno	de las Cuevas	Vicente
Mosqueira	Rey	Jesús Manuel
Pajares	Vales	Carlos
Pardo	Castro	Víctor
Paredes	Galán	Ángel
Parente	Bermúdez	Gonzalo
Piñeiro	Guillén	Ángel
Plo	Casasus	Máximo Tomás
Rey	Losada	Carlos
Rodríguez	González	Julio Ramón
Romero	Vidal	Antonio
Ruso	Beiras	Juan Manuel
Saborido	Silva	Juan José
Salgado	López	Carlos Alberto
Salgueiro	Piñeiro	José Ramón
Sánchez	de Santos	José Manuel
Sánchez	Guillén	José Joaquín
Santamarina	Ríos	Cibrán
Tommasini		Daniele
Torrón	Casal	Carolina
Varela	Cabo	Luis Miguel
Vázquez	López	Ricardo Antonio
Vázquez	Ramallo	Alfonso
Vázquez	Ramallo	Manuel
Vázquez	Regueiro	Pablo
Veira	Suárez	José Antonio
Vidal	Costa	Félix
Zas	Arregui	Enrique